


CICLO PLACERES OCULTOS – INVERNO 2011

AMDISCS WINTER SHOWCASE



[Desconcierto Cultural](#) pecha o ano cun último e sorprendente evento musical: un *showcase* con tres das referencias de [AMDISCS](#), un dos selos independentes de moda, clave no son *chillwave*. A discográfica asentada en Praga, referente de bo gusto, vangarda e eclecticismo no panorama europeo, estará representada na festa do vindeiro 18 de decembro no Cachán Clube de Santiago de Compostela polos portugueses [Sensible Soccers](#), os checos [Tempelhof](#) e o norteamericano **Sean Bowie**, máis coñecido polo seu alter ego [Teams](#). Ademais, virán acompañados do propietario do selo, **Rado Z.**, que lle poñerá o colofón á festa cunha sesión moi especial. As entradas para esta proposta do [Ciclo Placeres Ocultos](#) estarán á venda na **Tenda Reixa** e **Gong Discos** (Santiago de Compostela) e a través de ticketea.com/amdiscs.

[Tempelhof](#) ha ser sen dúbida a proposta máis escura da noite. O grupo de **Praga** propónse, co seu inquietante e hipnótico son, como o contrapunto europeo dos norteamericanos **Salem** nos territorios do *Witch House*. Atmosferas asfixiantes, *beats* quebrados e pesados *sintes* distorsionados logran que a música deste trío discorra densa como lava líquida baixo un volcán.

Pola súa banda, os lusos [Sensible Soccers](#) traerán dende o rural portugués o seu delicado e cativador pop electrónico. Nados na localidade de **Vila do Conde**, logo da atención recibida coas súas primeiras *demos*, decidiron deixar a un lado a súa paixón futbolística e auto-exiliarse ao campo para sometérense a unha longa sesión de gravación da que naceu o seu excelente primeiro EP. Capas de sintetizadores, voces murmuradas de reminiscencia *shoegaze* e fráxiles guitarras tecen cancións creadas para un derradeiro partido nas nubes.

Miami é probablemente un dos últimos lugares onde esperaríamos atopar o *collage* sonoro de [Teams](#), pero talvez teña algo que ver a cidade de Florida no eclecticismo e fusión de estilos que caracteriza a música de **Sean Bowie**. É tal a variedade de *samples* que descubrimos escoitando o norteamericano que endexamais imos poder escoitar a música disco como ata agora. As súas producións soan erráticas, distantes, e mesmo vedrañas, inda que cubertas dun cálido manto sensual que paseniño as vai dotando de sentido. Deste xeito, Teams consegue lembrarnos que non todo o técnico ten que ser necesariamente frío, nin todo o moderno consiste en rexeitar o clásico.

Así, tras acoller a **Wires Under Tension** e a **Conquering Animal Sound** o pasado mes de outubro, a asociación Desconcierto Cultural achéganos tres novas propostas para o Ciclo Placeres Ocultos. Cunha importante compoñente electrónica, unha actitude inquieta e unha gran posta en escena, estas bandas trazan unha panorámica dalgúns dos aspectos máis excitantes da actual escena *underground*. Desconcierto Cultural consolida con este ciclo o seu labor como asociación sen ánimo de lucro, dinamizadora da escena cultural e musical galega.

As entradas para o concerto no **Cachán Clube** de **Santiago de Compostela** do día 18 de decembro estarán á venda a partir do vindeiro luns 28 de novembro na **Tenda Reixa e Gong Discos** (Santiago) e na canle de venda en liña ticketea.com/amdiscs. Tamén nos poderemos deleitar co *showcase* de [AMDISCS](http://amdiscs.com) un día antes no **Bar Labranza** de **Meiro (Bueu)**.

AMDISCS Winter Showcase

18 de decembro - 20:30

Cachán Clube - Santiago de Compostela

Anticipada: 6€ - Sala: 9€ - Socios: 5€




Tempelhof

Web: <http://cultoftempelhof.tumblr.com/>

Audio: <http://tempelhof666.bandcamp.com/>

Vídeo: <http://vimeo.com/27192110>

Foto Hi-Res: -



Sensible Soccers

Web: -

Audio: <http://sensiblesockers.bandcamp.com/>

Vídeo: <http://vimeo.com/32153874> (11:45)

Foto Hi-Res: -



Teams

Web: <http://teeams.tumblr.com/>

Audio: <http://teeams.bandcamp.com/>

Vídeo: - <http://vimeo.com/21985823>

Foto Hi-Res: [1](#) – [2](#)

Asociación Desconcierto Cultural

email ciclo: placeresocultos@desconciertocultural.com

email general: info@desconciertocultural.com